



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE NOVEMBRO DE 2010

LICENZAS FAVORABLES.-

Lic/1325/2010.- Esperanza Ramos Maroño.- Vivenda unifamiliar no lugar de Vila Fernández – Marantes.

Lic/1832/2010.- Locales Actividades y Exclusivas Comerciales, S. A.- Demolición de anexo a nave industrial en Vía Edison nº 20.

Lic/1329/2010.- Patricia Pombo Ferreiro.- Vivenda unifamiliar no lugar de Son de Arriba.

Lic/571/2009.- Antonio Freire Ferreiro.- Vivenda unifamiliar no lugar de O Carballal.

AUTORIZACION EN SOLO RÚSTICO.-

Lic/1541/2010.- Hermanos Peleteiro Ramos, S. L.- Legalización do acondicionamento do vial de acceso e aparcadoiro do Colexio Manuel Peleteiro sito no lugar de Monte Redondo – Castiñeirío.

DEVOLUCION DE FIANZA.-

1307/10.- Ramón Vázquez Mato.- Rexeitar as alegacións presentadas polo interesado e denegar a devolución da fianza depositada en garantía da cesión do 15 % do aproveitamento urbanístico correspondente á licenza concedida ó interesado para construción de 2 naves industriais nas parcelas 13 A e B, do Polígono Industrial do Tambre.

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/3085/2004.- SOCIEDADE ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS SA.- RÚA DO FRANCO-ESQUINA TRAV. FONSECA

PRIMEIRO.- Conceder a legalización das obras executadas consistentes na apertura dunhas ventás acristaladas de grandes dimensión en dúas das plantas da parede lateral do inmoble que linda ca parcela sita na Avda. Rodrigo de Padrón, 2.

SEGUNDO.- -Autoriza-la a eliminación do chanzo ou desnivel existente entra a vía pública e o soportal do inmoble catalogado de Correos.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

DIS/521/2010.- RUA VILLAR RESTAURACION SL.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa do Campo da Estrela, 5. O importe da fianza é de 601 €.

5.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación inicial do PE-1 no ámbito da unidade edificatoria 511174. Rúa do Pombal nº 28.

Apróbase inicialmente a modificación puntual do Plan Especial no ámbito da devandita unidade edificatoria e sométese a información pública polo prazo dun mes.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á actualización do prezo máximo de venda das futuras vivendas a executar nos soares pendentes de edificar na zona residencial provenientes de uso apartoteis no SUNP-17 (Paxonal).

Adóptase como criterio de actualización do devandito prezo máximo de venda a referencia ao incremento que sufra o prezo máximo de venda das vivendas declaradas protexidas pola

Comunidade Autónoma de Galicia. Este novo criterio modifica a cláusula cuarta da Addenda do Convenio subscrito coa Xunta de Compensación do SUNP-17 de 9 de febreiro de 2001, requirindo a aceptación expresa desta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao inicio do expediente de contratación da prestación do servizo para completar a elaboración do inventario informatizado sobre a base dun catastro previamente revisado dos bens inmobles que integran o patrimonio do Concello de Santiago.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente para a devandita contratación, cun tipo de licitación de 62.910,52 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á estimación dunha solicitude por xubilación anticipada.

Estímase a devandita solicitude.

9.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á adxudicación da execución de tres edicións do curso "Apeos e apontoamentos".

Adxudícase á entidade ASELF a execución dos devanditos cursos, por un importe de 17.139 euros.

10.- Proposta de concelleira delegada de Persoal relativa á apertura do prazo de presentación de solicitudes de axudas sociais.

Acórdase que o prazo de presentación de solicitudes correspondentes ao ano 2010 sexa o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2011. Non obstante, entenderanse presentadas en prazo as solicitudes formuladas en forma entre o 1 de novembro e o 31 de decembro de 2010.

11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación dos manuais de autoprotección, emerxencias e evacuación para os pavillóns polideportivos de Vite e Restollal.

Apróbanse os devanditos manuais.

12 a 29.- Propostas da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU -Plusvalía) e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).

Concédense os beneficios solicitados.

30.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións solicitadas.

31.- Adxudicación das obras de derruba de construción existente na rúa Conxo de arriba nº 52.

Adxudícanse as devanditas obras á empresa OBRAS Y SERVICIOS LOS REMEDIOS, S.L., por importe de 23.470,99 euros.

32.- Proxecto de restauración do Monte de Deus. Fase II.

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito proxecto á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L., por importe de 101.997,89 euros

33.- Adxudicación definitiva do contrato de obras de remodelación da área de xogos infantís de BELVÍS.

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito contrato á empresa LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., por importe de 99.932,22 euros

34.- Adxudicación definitiva do contrato de subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago.

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito contrato a FRANCISCO ARENAS RAMÍREZ, por importe de 31.311,43 euros.

35.- Autorización da redacción do proxecto modificado de Construción de Pistas de Tenis e Paddle en Sar, incluída no FES 2010, e solicitude de prórroga de execución ante a Dirección General de Cooperación Local.

Acórdase a autorización para a redacción do referido proxecto modificado por un importe de 52.354,59 máis IVE euros, así como solicitar á Dirección General de Cooperación Local unha prórroga do prazo para finalización dos traballos por un período de 3 meses.

36.- Adxudicación definitiva do subministro e instalación de equipamento dun circuito biosaudable en Fontiñas.

Elévase a definitiva a devandita adxudicación á empresa HAGS SWELEK, S.A., por importe de 60.551,70 euros.

37.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do convenio para o bacharelato internacional do IES ROSALÍA DE CASTRO ANO 2010.

Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 9.129,40 euros.

38.- Proposta do concelleiro delegado de Mocidade relativa á aprobación do convenio coa escola de tempo libre e animación DON BOSCO.

Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 5.600 euros.

39.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da concesión inicial de subvencións para o fomento do movemento asociativo e de defensa da muller para o ano 2010.

Concédense inicialmente as seguintes subvencións, para as actividades solicitadas: Asociación de Mulleres A Lagoa, 1.420 euros; Marcha Mundial das Mulleres, 1.420 euros; Vogalía de Muller da A. VV. Camiño de Santiago, 1.520 euros; Vogalía da Muller da A. VV. A Xuntanza, 520 euros; Vogalía da Muller da A. VV. As Brañas de Andrés, 1.520 euros; Asociación de Persoas Xordas de Santiago, 920 euros; Asociación de Viúvas Rosalía de Castro, 1.620 euros; Federación Autismo Galicia, 1.320 euros; Vogalía da Muller da A. VV. Ponte do Romáño, 1.520 euros; Asociación de Mulleres Progresistas Alba, 1.620 euros; Asociación Plataforma polo Emprego, 1.320 euros; Asociación de Empregadas do Fogar Xiara, 1.420 euros; Asociación Galega de Síndrome X Fráxil, 1.420 euros; Mámoa, Asociación Galega de Prolactación, 1.420 euros. As subvencións totalizan 18.980 euros.

40.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á dación de contas da concesión de subvención pola Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento da prestación de Servizos Sociais.

Dáse conta da concesión inicial das devanditas subvencións, por un total de 448.293,62 euros.

41.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á anulación de retención de crédito en concepto de achega municipal á subvención solicitada en materia de igualdade e violencia de xénero.

Procédese á anulación dunha retención, por non terse realizado o seu obxecto.

42.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación do convenio asinado coa Asociación de ESCLEROSIS MÚLTIPLE.

Apróbase o gasto relativo á xustificación do devandito convenio, por unha contía de 2.705,06 euros.

43.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á xustificación do convenio asinado coa Agrupación de Libreiros de Santiago-Federación de Libreiros de Galicia.

Acórdase o pagamento do importe de 5.000 euros para o cumprimento do establecido no devandito convenio.

44.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á adscrición temporal á empresa TUSSA dos elementos que compoñen o servizo de aluguer de bicicletas polo prazo dun ano.

Acórdase adscribir temporalmente, polo prazo dun ano, á empresa TUSSA os elementos do servizo de aluguer de bicicletas: 50 bicicletas e 7 puntos de préstamo, com 12 prazass de estacionamento cada un deles. Os bens acadan un valor de 70.702,72 euros. A adscripción é prorrogable pola Xunta de Goberno por outro ano e non alterará a titularidade municipal dos bens.

45.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á redacción do proxecto modificado Nº 1 das obras de reurbanización contornos urbanos (Rosalía de Castro desde Romero Donallo-Santa Marta-Choupana-Volta do Castro).

Adxudícase a redacción do devandito proxecto á empresa PROYFE, S.L., por importe de 20.371,71 euros.

URXENCIAS

1.- Proxecto técnico de expropiación para a execución do Acceso ao SUP-2 (Cornes) dende a rúa García Prieto, situado entre os números 17 e 21.

Procédese a rexeitar unha solicitude de suspensión da tramitación do expediente e outra de pago de xuros por demora, así como a remisión de diferentes expedientes aos servizos económicos para a realización dos trámites precisos para o pagamento.